

## **CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, NO CORPO AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO C2, CONVOCADO POR ORDE DO 22.11.2019**

En sesión que tivo lugar o día 9 de xuño de 2021, o tribunal nomeado por Resolución do 14 de setembro de 2020, da Dirección Xeral da Función Pública, e modificado pola Resolución do 6 de outubro de 2020, encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, no corpo auxiliar da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, convocado pola Orde do 22 de novembro de 2019, acordou

## **CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO**

### **CUESTIÓNS XERAIS ESTABLECIDAS NAS BASES DA CONVOCATORIA**

De conformidade co disposto na base II.1.1.1 da convocatoria, o exercicio primeiro consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de oitenta (80) preguntas tipo test, relacionado co anexo I do programa.

O exercicio disporá de seis (6) preguntas de reserva.

Estas preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio .

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será a correcta.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de noventa (90) minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos. Corresponderá ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

### **DETERMINACIÓN DE SUPERACIÓN DA PROBA**

En cumprimento da potestade de determinación do criterio de superación do exercicio indicado, o tribunal acordou que superarán o primeiro exercicio as persoas aspirantes presentadas que obtiveran un mínimo de trinta e seis (36) respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.



Advírtese que, as preguntas non contestadas non penalizarán nin recibirán ningunha puntuación.

Ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte fixada asignaráselles a valoración de quince (15) puntos no exercicio. O resto das persoas declaradas aptas terá unha cualificación distribuída entre os quince (15) e os trinta (30) puntos, proporcional ao número de respostas correctas. Do mesmo xeito, asignarase a puntuación proporcional que corresponda ás persoas aspirantes declaradas non aptas.

Santiago de Compostela

O presidente do tribunal

Rubén Plaza Martínez

